



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

BANDO MUNICIPAL

Miguel A. BUJÁN VARELA, Alcalde presidente do Concello de Toques (A Coruña)

FAGO SABER:

QUE en base ao convenio suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión de biomasa nas faixas secundarias, neste concello veranse afectadas as seguintes vías municipais:

DE MOURELOS-GRAÑA-CURROS

DE FONDEVILA-PARADELA-MONTELÉN-PRADOS-ÍNSUA.

As actuacións que se van levar a cabo nestas dúas vías municipais consistirán na roza de mato e a retirada de especies arbóreas non permitidas (piñeiros, acacias, eucaliptos, etc.) nos 6 metros a cada lado das marxes das vías de titularidade municipal, para adecualas ás distancias establecidas na Lei 7/2012 de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Por parte de SEAGA notificarase aos propietarios que contan cun prazo de trinta días naturais para xestionar a parte afectada das parcelas. Se pasado ese prazo, non se actuou nas mesmas, SEAGA procederá a realizar os traballos con cargo ao convenio.

NO CASO DE HABER MADEIRA DE ESPECIES QUE NON POIDAN ESTAR PRESENTES, OS PROPIETARIOS PODERAN RETIRALA ANTES DE QUE REMATE O PRAZO CONCEDIDO (30 DÍAS)

SE A EMPRESA SEAGA É QUEN REALIZA OS TRABALLOS, A MADEIRA SERA DECOMISADA POLO CONVENIO.-

O que se fai público para que todos os propietarios afectados, lindeiros coas vías indicadas, procedan a realizar os traballos oportunos.

Neste concello pódese consultar a relación de parcelas afectadas polo convenio.

O que se fai público pa xeral coñecemento.

TOQUES, FEBREIRO DE 2021

O ALCALDE

